

PROXECTO
LINGÜÍSTICO DE
CENTRO

CEIP PARAIXAL

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 16 de xuño do 2020

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 23 de xuño do 2020

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

Este documento intégrase no Proxecto Educativo.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

1. Nos centros que imparten educación infantil, os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
2. En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.
3. Valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega realizados no curso anterior.
4. Información sobre os programas e actividades que se desenvolverán no curso seguinte.
5. Propostas de mellora para o curso seguinte.

Esta addenda entregarase xunto coa PXA.

TÁBOA DE CONTIDO

| | | |
|-----|---|----|
| 1. | INTRODUCCIÓN..... | 4 |
| 2. | CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO..... | 4 |
| 3. | OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA..... | 5 |
| 4. | LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA..... | 6 |
| 5. | DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO .. | 8 |
| 6. | EXENCIONES..... | 10 |
| | A. PROCEDEMENTOS DE SOLICITUDE (ORDE 10/2/14)..... | 10 |
| | B. MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS | 11 |
| | C. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN (PRIMARIA) | 12 |
| 7. | PROCEDEMENTOS QUE ASEGURAN QUE O ALUMNADO ACADA A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA PROPIA DO NIVEL EN AMBAS AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS | 13 |
| 8. | MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS..... | 13 |
| 9. | EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA..... | 15 |
| | A. COMPOSICIÓN | 15 |
| | I. PROFESORADO | 15 |
| | B. FUNCIONES | 15 |
| | I. COORDINADOR/A..... | 15 |
| | II. EQUIPO..... | 15 |
| 10. | PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA..... | 16 |
| 11. | PLURILINGÜISMO | 20 |
| | A. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO (CON NEAE) | 21 |
| | B. SECCIÓNS BILINGÜES..... | 22 |
| | C. CENTROS PLURILINGÜES | 22 |
| 12. | AVALIACIÓN..... | 23 |

1. INTRODUCCIÓN

O proxecto lingüístico de centro (PLC) forma parte do proxecto educativo. Trátase dun documento de carácter institucional no que se expón a planificación de todos aqueles aspectos relacionados coa ensinanza e o uso das linguas, tanto no relativo á decisión respecto da lingua en que se impartirán determinadas materias que non estean xa establecidos pola normativa correspondente, coma a estratexias de dinamización ou a aspectos metodolóxicos e outros que permitan levar a cabo o currículo integrado de todas as linguas que se imparten no centro, e así darlle coherencia e coordinación á súa ensinanza, e facilitar a súa aprendizaxe.

Como ben se reflicte no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

O artigo 14 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG do 25) establece os elementos e decisións que debe conter o PLC, ao tempo que dispón que serán en galego as relacións mutuas e internas como as que manteñan os centros coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas, así como as actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán.

Este curso 2019/2020 elaboramos o novo Proxecto Lingüístico, en base ao Decreto 79/2010, do 20 de maio. Este traballo foi realizado pola dirección e as aportacións do claustro do colexio

2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

O Centro está ubicado no barrio do Paraixal na zona de Teis, a uns 3,5 Km. aproximadamente do centro da cidade de Vigo. Pertence ao mesmo municipio aínda que está enclavado nunha zona semiurbana onde predominan as vivendas unifamiliares.

As características que sobresaen son:

- Nivel cultural medio-baixo na maioría das familias.
- Nivel económico e social medio.

A lingua predominante é o castelán.

SITUACIÓN DO PROFESORADO

Das enquisas realizadas extráense as seguintes conclusións:

- A lingua empregada dentro da familia é maioritariamente o galego mentres que coas amizades, os compañeiros/as e na docencia ambas as dúas son utilizadas en igualdade de condicións.
- O profesorado amosa boa disposición e capacitación para fomentar o uso do galego.
- Considera que dado que a lingua debe ser valorada socialmente, o ensino en galego axuda a aumentar o seu prestixio social.

SITUACIÓN DO ALUMNADO

Das enquisas realizadas extráense as seguintes conclusións:

- A lingua empregada polo alumnado é maioritariamente o castelán. Aínda que todos recoñecen non ter ningunha dificultade en entender o galego. Co profesorado empregan según lle preguntan, aínda que falan máis o castelán. Entre iguais, hai un lixeiro emprego do castelán, sendo o galego empregado por un número reducido de alumnado que é galego falante no emprego da lingua dentro da escola.
- En canto a internet e na casa o emprego é maioritariamente o castelán.

3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Un dos obxectivos pedagóxicos propostos no Proxecto Educativo é “Fomentar o plurilingüismo e a diversidade lingüística e cultural. Consequindo mellorar o nivel de competencia do alumnado en lingua galega, lingua castelá e lingua inglesa sendo un centro plurilingüe de referencia”. Para levar a cabo este obxectivo estableceronse unas pautas de actuación:

- Fomentar actividades culturais dos países de fala inglesa coa axuda do persoal nativo auxiliar de conversa.
- Fomentar actividades culturais en galego.
- Fomentar proxectos que melloren a adquisición do galego.
- Coordinar os currículos das linguas, establecendo concordancia entre os seus contidos.
- Priorizar unha lingua de comunicación básica no alumnado con NEAE.

OBXECTIVOS NO ÁMBITO DO ALUMNADO

- Conseguir equiparar o nivel de competencia do alumnado en lingua galega e castelá.
- Crear no alumnado actitudes positivas cara a propia lingua, desterrando calquera tipo de prexuízo lingüístico do seu entorno familiar ou social.
- Promover o uso do galego entre o alumnado logrando a valoración e estima desta lingua e o emprego dela con normalidade en todas as situacións comunicativas.
- Fomentar e facilitar a lectura de libros en galego a través da biblioteca de aula e da biblioteca do centro.
- Incentivar á composición escrita en lingua galega a través dos contos, cómics, redaccións...que logo se seleccionarán para publicar na revista do colexio.
- Estimular a busca de información por distintas canles (biblioteca, familiares, internet...) de aspectos relacionados coa Cultura, Historia e Etnografía do pobo galego, para promover o coñecemento da realidade galega.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe.
- Estudar as tradicións populares galegas, como parte da nosa cultura

OBXECTIVOS NO ÁMBITO DO PROFESORADO

- Concienciar ao profesorado para que trate de descubrir e eliminar no alumnado calquera tipo de prexuízo lingüístico.
- Implicar a todo o profesorado do centro no proceso de normalización e dinamización lingüística.
- Colaborar con outros grupos docentes do centro co fin de que se teña en conta a Cultura e a Lingua Galega para levar a cabo actividades colectivas, así como para recoller todo tipo de propostas e iniciativas tanto a nivel individual como procedentes dos distintos grupos.
- Dar prioridade no ensino do galego á expresión, reforzando a súa dimensión comunicativa e dándolle protagonismo á oralidade.
- Tentar integrar a planificación lingüística do centro en todos aqueles proxectos e plans que os diferentes equipos docentes desenvolvan: proxecto lector, plan das Tics, proxectos a desenvolver a nivel centro.
- Tentar empregar a lingua materna nas terapias individuais.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Para a consecución dun correcto uso lingüístico escolar e educativo, é preciso ter en conta unha serie de aspectos e medidas:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado en cada nivel, utilizando os materiais e recursos necesarios así como combinando diferentes técnicas, métodos, agrupamentos e actividades.
- Potenciar a actividade: o alumnado aprenderá “facendo” e facéndose protagonista activo da súa propia aprendizaxe, partindo das orientacións do/a mestre/a. Potenciarase a busca de fontes de información e os agrupamentos flexibles, sen esquecer-lo traballo individual e o esforzo persoal, como garantes de progreso nos procesos de aprendizaxe.
- Favorecer unha aprendizaxe autónoma. Tamén a colaboración e o traballo cooperativo permiten que os coñecementos sexan moito máis ricos e o proceso máis motivante.
- Asegurar aprendizaxes constructivos e significativos a través das actividades levadas a cabo. O alumnado aprenderá a partir do que xa coñece (o entorno, a súa cultura...), aquilo que para eles ten relevancia e que é útil para a vida cotiá, xeneralizándoo ó seu contexto social, de forma inductiva ou deductiva. Potenciarase a aprendizaxe significativa, sexa por recepción ou dirixida e, cando proceda, memorística.
- Globalización: partírase da análise dos coñecementos previos do alumnado, para chegar á globalización das súas aprendizaxes, procurando unha interrelación entre tódalas áreas curriculares.

Lectura e escritura son dúas ferramentas expresivo-comunicativas que se van desenvolvendo e afianzando no transcurso destas dúas etapas. Por este motivo é importante programar actividades nestes dous campos de actuación:

EXPRESIÓN E COMPRENSIÓN ORAL

- Espertar o interese polo uso da lingua galega mediante situacións naturais da realidade cotiá, próximas ó neno: conversas na propia aula, emisión de opinións, debates, ordes no patio, explicacións, saídas e visitas, na casa, coa familia, cos amigos e amigas, entre os distintos membros da comunidade educativa...
- Comprensión de mensaxes orais: partindo dos momentos e os xogos espontáneos dos nenos en Educación Infantil e Primaria, efectuar ordes e normas de actuación en galego.
- Lectura expresiva de textos – en prosa e verso – atendendo a entoación, dicción, pausas...
- Actividades desenvolvidas nas bibliotecas de aula (historias, contacontos, refráns, ditos, lendas...) e de centro (vídeos, consultas, investigación...), a través

das que se pretende afianzar o interese pola lectura e a fala en lingua galega así como as costumes, o folclore, lugares, comidas, festas...galegas.

- Apoiar co material necesario o emprego do galego nas áreas correspondentes: Coñecemento do Medio, Lingua Galega, Música.
- Usar o galego coa maior normalidade posible na celebración das festas e festivais escolares (nadal, letras galegas): nas presentacións, panxoliñas, recitados, lecturas, cancións, obras de teatro...
- Fomentar o achegamento aos medios de comunicación que empreguen como lingua o galego, aproveitando a aceptación que estes teñen entre o alumnado (debuxos, películas, programas, deportes...).

EXPRESIÓN E COMPRENSIÓN ESCRITA

- Iniciar ós máis pequenos a través de xogos didácticos: puzzles, quebracabezas, xogos de relacionar, ordenar e seriar, e outros que traballen a secuenciación temporal e espacial, etc.
- Realización de ditados, descrições, contos, cómics, redacción de cartas e textos libres... a través dos que se pretenden conseguir a corrección ortográfica, morfolóxica e semántica, así como unha boa estruturación sintáctica.
- Organización e decoración dos espazos da aula e do centro: elaboración de letreiros e slogans para festividades ou celebracións concretas (magosto, día do libro, nadal, día da paz, letras galegas...)
- Interpretación de textos, dramatizacións e pequenas obriñas de teatro mediante os que se pretende espertar o pracer pola obra literaria.
- Elaboración da revista escolar na que empregue a lingua galega como canle de comunicación.
- Redacción en lingua galega de notas...
- Emprego de programas e xogos informáticos didácticos que contribúan ao reforzo de contidos da aula.

5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO

| PRIMARIA | 1º EP | | 2º EP | | 3º EP | | 4º EP | | 5º EP | | 6º EP | |
|-------------------------|-------|----|-------|----|-------|----|-------|----|-------|----|-------|----|
| | H | LI | H | LI | H | LI | H | LI | H | LI | H | LI |
| MATERIA | | | | | | | | | | | | |
| CIENCIAS NATURAIS | 2 | G | 2 | G | 2 | G | 2 | G | 2 | G | 2 | G |
| CIENCIAS SOCIAIS | 3 | G | 2 | G | 3 | G | 2 | G | 2 | G | 3 | G |
| EF | 2 | G | 2 | G | 2 | G | 2 | G | 2 | G | 2 | G |
| LINGUA CASTELA | 4 | C | 4 | C | 4 | C | 4 | C | 4 | C | 3 | C |
| 1ª LINGUA ESTRANXEIRA | 2 | I | 2 | I | 3 | I | 3 | I | 3 | I | 3 | I |
| LIGUA GALEGA | 4 | G | 4 | G | 4 | G | 4 | G | 4 | G | 3 | G |
| MATEMÁTICAS | 5 | C | 5 | C | 4 | C | 4 | C | 5 | C | 5 | C |
| MÚSICA | 1 | G | 1 | G | 1 | G | 1 | G | 1 | G | 1 | G |
| PLÁSTICA | 1 | I | 1 | I | 1 | I | 1 | I | 1 | I | 1 | I |
| RELIXIÓN/VALORES ÉTICOS | 1 | C | 2 | C | 1 | C | 1 | C | 1 | C | 1 | C |
| LIBRE CONFIGURACIÓN | | | | | | | 1 | C | | | 1 | C |
| CASTELÁN (%) | 40 | | 44 | | 36 | | 40 | | 40 | | 40 | |
| GALEGO (%) | 48 | | 44 | | 48 | | 44 | | 44 | | 44 | |
| INGLES | 12 | | 12 | | 16 | | 16 | | 16 | | 16 | |

Horarios e utilización das linguas en educación primaria

Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profes, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado.

En todas as áreas, agas nas sinaladas no parágrafo anterior e nas materias de lingua(s) estranxeira(s), o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia. Non obstante ó anterior, procurarase que o alumnado utilice a lingua en que se imparte a área.

A lingua en que se impartirá as materias en cada curso será na lingua que aparece no cadro de arriba durante os próximos 4 anos. Non descartamos nun futuro, dependendo da formación en linguas do profesorado do centro, ampliar as horas lectivas no proxecto plurilingüe.

Horarios e utilización das linguas en educación infantil

1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.

2. A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais,

titores/as ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.

3. Atenderase de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a súa lingua materna

6. EXENCIONS

A. PROCEDEMENTOS DE SOLICITUDE (ORDE 10/2/14)

O decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, fai compatible o carácter obrigatorio do estudo da materia de lingua galega en todos os niveis educativos non universitarios con determinadas causas taxadas que xustifiquen o réxime das exencións posibles, segundo a regulación prevista nos artigos 18 e 19 daquela norma, que se caracteriza pola concorrencia dos seguintes requisitos:

- a) Que a xustificación da exención atope fundamento nunha circunstancia obxectiva de incorporación *ex novo* ao sistema educativo de Galicia.
- b) Que o alumnado de nova incorporación proceda doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro.
- c) Que a incorporación *ex novo* ao sistema educativo de Galicia se produza no terceiro ciclo de educación primaria

Requisitos para a obtención da exención temporal

O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de educación primaria, en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou en que vaia matricularse, en igualdade de condicións ca os demais compañeiros ou compañeiras da clase.

Presentación da solicitude da exención

1. A solicitude da exención da materia de lingua galega deberá presentarse en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para o que se utilizará o formulario normalizado que figura como anexo desta orde, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.es>. A referida solicitude irá asinada polo alumno ou pola alumna solicitante, polo seu pai/nai/titor/titora ou pola persoa que teña a súa representación legal, se é menor de idade, e nela exporase as razóns polas que se solicita a exención.
2. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares.

Prazo de presentación da solicitude da exención

1. O prazo de presentación da solicitude empezará o 1 de setembro de cada ano e rematará o 5 de outubro de cada ano para o alumnado dos centros de educación primaria e secundaria obrigatoria, e o 20 de outubro de cada ano para o alumnado dos centros de bacharelato.
2. Cando se trate dun alumno ou alumna con traslado de matrícula viva, procedente dun centro doutra comunidade autónoma ou do estranxeiro, o prazo de presentación da solicitude será de vinte días seguintes á incorporación da persoa interesada ao novo centro.

B. MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS

O noso currículo deberá ser flexible para adaptarse ás características do noso alumnado, e por iso o profesorado deberá elaborar estratexias e materiais para que todo o alumnado poida seguir o desenvolvemento das actividades lectivas con normalidade, así como propor grupos de traballo flexibles, ralentizar o ritmo de introducción de novos contidos e propor actividades de aprendizaxe diferentes.

Atender a diversidade do complexo panorama que presenta o alumnado e conseguir mellorar os resultados, require nalgúns casos a adopción de medidas adecuadas ás necesidades individuais de cada un.

A biblioteca do centro será un referente para a utlización destes recursos.

Algunhas das medidas a levar a cabo son:

- Subministrar materiais didácticos específicos de apoio e reforzo elaborados polos departamentos das materias que se impartan en lingua galega nese curso escolar.
- Adquiriranse materiais específicos en galego de axuda para cada nivel educativo para o alumnado exento, que se depositarán na biblioteca escolar.
- Adquiriranse materiais en galego para todos os niveis educativos para a biblioteca escolar.

C. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN

As ensinanzas de Educación Infantil e Primaria deben adecuarse ás características do alumnado en situación de desventaxe lingüística, coa finalidade de que acaden os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. O alumnado terá que asistir as aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal , con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou en que vaia a matricularse, en igualdade de condicións ca os demais compañeiros ou compañeiras da clase.

Entre as actividades e estratexias destinadas a superar ese insuficiente dominio da lingua por parte dalgún alumnado atópanse: realización de traballos diversos, presentación de murais, realización de esquemas, xogos, representacións,...

As medidas, en todo caso, será o departamento de orientación, respectando a lexislación vixente, quen determine e oriente sobre as medidas a tomar. Destas medidas serán informadas as familias.

Medidas adoptadas para o alumnado inmigrante e estranxeiro

- O alumnado inmigrante e estranxeiro integrarase nas aulas correspondentes, á espera de ser avaliado o seu grado de coñecemento dalgunhas das linguas oficiais
- Determinación polo orientador do centro, da necesidade de recibir unha atención específica, ou no seu caso unha adaptación da programación para o logro paulatino das competencias lingüísticas nas linguas oficiais

- Flexibilización dos contidos curriculares
- Atención individualizada na aula por parte de profesorado do centro que realice funcións de reforzo educativo.
- Fomentar a súa integración e interacción no grupo clase.

7. PROCEDEMENTOS QUE ASEGURAN QUE O ALUMNADO ACADA A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA PROPIA DO NIVEL EN AMBAS AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS

A función do profesorado será poñer ó alumnado en situación de “aprender a aprender”, así como promover a xeneralización do aprendido. Para facilitar os avances individuais teranse en conta os coñecementos previos do alumnado e a súa actitude ante os diferentes contidos para que o proceso de adquisición de novos contidos siga un proceso natural. Os principais procedementos son:

- Dentro de cada aula, o/a profesor/a traballará cunha metodoloxía que facilite a aprendizaxe dos/as seus alumnos/as, coa execución de actividades e tarefas, a selección dos materiais e facendo agrupamentos que dean resposta ás características individuais de cada alumno/a. Utilizaranse os medios dos que dispón o Centro como son a Biblioteca (campaña de fomento da lectura, formación de usuarios...), a aula de música (cancións, tradicións...) e as TIC.
- Programaranse actividades individuais e/ou colectivas, tendo en conta as capacidades básicas e as habilidades previas. Realizarase unha aprendizaxe formativa, baseada no interese e motivación do alumnado.
- Propoñeranse actividades de reforzo para o alumnado que necesite afianzar conceptos e así poder acadar a competencia lingüística en ambas linguas.
- Estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado

8. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.

No decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia nos di que a situación de sociedade

multilingüe na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo dos nenos e nenas nas linguas que vaian adquirindo ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilicen. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender na escola. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, os currículos presentan certos contidos similares, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación primaria. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren dun tratamento e traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben ser abordados de maneira parella, ben ser presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas. Así pois, o profesorado implicado no proceso de ensino-aprendizaxe da Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso da educación primaria, deberá organizar o seu labor para evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura, ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos.

En consonancia co anterior, é preciso que o profesorado utilice a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado.

Ademais, no centro teñen presenza lingua(s) estranxeira(s) que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de lingua estranxeira, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Estas medidas estableceranse a principios de curso e incluirán:

- Acordos sobre criterios metodolóxicos básicos en todas as áreas.
- Acordos sobre a terminoloxía que se vai a empregar, o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos común á aprendizaxe de calquera lingua.
- Promover e valorar unha correcta expresión escrita en todas as materias do currículo para que o noso alumnado poida ir mellorando a súa ortografía progresivamente.

- Promover e valorar a lectura e a comprensión lectora en todas as materias

9. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

A. COMPOSICIÓN

Ó ser un centro de 4 unidades as función serán asumidas polo claustro. A principio de curso a dirección nomeará un coordinador/dinamizador

I. PROFESORADO

Todo o claustro formara parte do do equipo

B. FUNCIONES

I. COORDINADOR/A

- Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- Responsabilizarse da redacción dos planos que serán propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- Convocar e presidir as reunións do equipo.
- Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro
- Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

II. EQUIPO

- Presentar a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
- Propoñer medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
- Elaborar e dinamizar un plano anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos planos anteriores.

10. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Todas as actividades irán encamiñadas a cumprir os obxectivos anteriormente citados. Propomos a seguir algunhas, sen rexeitar aquelas outras que poidan xurdir ao longo do curso.

➤ PÁXINA WEB DO CENTRO

Actividade: coa finalidade de seguir abrindo o Centro a todos os membros da Comunidade Educativa, continuamos publicando os traballos na nosa páxina web coa colaboración entre os equipos de Normalización Lingüística, Biblioteca e TICS. A través destes medios se dan a coñecer traballos elaborados polo alumnado, actuacións en festivais, celebracións de conmemoracións...

➤ BLOG DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Actividade: Coa finalidade de achegar a cultura galega á comunidade educativa, non só a nivel de actividades de centro, senón a nivel xeral, créase un blog destinado a destacar aspectos relevantes da cultura galega: autores, celebracións típicas, costumes, tradicións... o blog chámase <https://dinamizacionparaixal.blogspot.com>

➤ XOGOS POPULARES DE GALICIA.

Actividade: O longo de todo o curso e nas distintas festividades levaremos a cabo xogos populares galegos. A través deles tentaremos que o alumnado coñeza unha parte importante da nosa cultura así como a respectar as normas establecidas e a participar activa e dinamicamente nas actividades grupais.

➤ MAGOSTO.

Actividade: Consistirá en proporcionarlles información desta tradición galega. O alumnado traerá froitos de outono recollidos do campo. Faremos un mural do outono.

Realizaremos un magosto no patio. Cantaremos e bailaremos algunhas cancións galegas e levaremos a cabo diversos xogos populares.

➤ SAMAÍN

Actividade: Consistirá en realizar talleres-obradoiros sobre o Samaín: un teatro de sombras, un taller de texturas, de receitas,.... O alumnado irá pasando de obradoiro en obradoiro.

➤ DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Actividade: Consistirá na elaboración de frases en contra da violencia de xénero e despois realizarase un mural por parte de todo o alumnado que se expoñerá na entrada do colexio.

➤ CELEBRACIÓN DA PAZ

Actividade: Co motivo da celebración do Día da Paz realizaranse diferentes actividades:

- Faranse por cursos os días previos murais, manualidades, composicións escritas,...
- Con todo o material farase unha exposición polos corredores do Centro.
- O propio día todos/as realizaremos un “Baile da Paz”.

➤ CELEBRACIÓN DO ENTROIDO:

Actividade: O propio día do entroido faremos un desfile polas proximidades do colexio, comeremos orellas, faremos bailes e tamén participaremos en xogos tradicionais. As actividades, abertas á comunidade educativa, empregarán o galego como lingua para a súa execución.

➤ DÍA DE ROSALIA:

Actividade: Nos distintos cursos se realizarán traballos e carteis que logo se exporán no Centro e se colgarán na páxina web e no blog

➤ CELEBRACIÓN DO DÍA DO LIBRO:

Actividade: este ano seguiremos traballando cos contos que temos na biblioteca, de maneira que os nenos/as maiores farán de contacontos para os pequenos. No mes previo intercambiarán mensaxes, prepararán a narración do conto, elaborarán algunha ficha e o propio día, no patio do centro, contaránlle a historia aos máis pequenos e colorearán a portada do libro. Estes traballos serán colocados nun mural e expoñeráse no corredor do colexio

➤ TALLER DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL EN ED. INFANTIL

Actividade: O longo do curso levarase a cabo un taller de estimulación da linguaxe oral na aula de ed. Infantil coa finalidade de favorecer e estimular a linguaxe oral no alumnado. Algúns dos aspectos que se traballaran en cada sesión son: atención, memoria, expresión e comprensión oral, imitación xestual e onomatopeias.

➤ PROXECTO XADREZ

Actividade: O longo do curso levarase a cabo con todo o alumnado de ed. Primaria un taller de xadrez xa que é unha importante ferramenta educativa que desenrola a memoria, o pensamento lóxico, o poder de concentración, a rapidez nos cálculos e, o mesmo tempo, estimula a creatividade e favorece certas habilidades sociais.

➤ MOCHILAS VIAXEIRAS

Actividade: en colaboración co Equipo de Biblioteca do Centro seguirase coa actividade xa iniciada en anos anteriores da “mochila viaxeira”. Ampliarase o número de aulas no que se está poñendo en práctica. En períodos quincenais aproximadamente poderán desfrutar dela todo o alumnado da clase. Cada mochila contará cun ou dous libros en lingua galega de diversa índole seleccionados acorde a idade do alumnado; un libro para os pais/nais (un educativo e outro de literatura actual), un CD con melodías, cancións, contos e outros materias fonográficos; unha película para que poidan compartir actividades coa familia.

➤ DEBATES.

Actividade: O alumnado de maior idade xa traerá temas propios onde terá que defender a súa opinión en contra dos seus compañeiros.

➤ HISTORIAS, CONTOS E ESCENAS.

Actividade: Consiste en inventar ou crear historias por parte do alumnado.

➤ CREACIÓN DUN DICCIONARIO

Actividade: O alumnado creará o seu propio dicionario de castelán-galego. Calquer palabra que apareza ao longo do día será rexistrada polo alumnado nos dous idiomas.

➤ XOGOS. ESCORNABOT.

Actividade: Trátase de que o alumnado cree xogos co ordenador e co robot.

➤ PROXECTOS, LIBROS E EXPOSICIÓN NA AULA E NOS PASILLOS DE TAREFAS E ACTIVIDADES FEITAS NA AULA.

Actividade. Realizarase exposición de traballos propostos tanto polo alumnado como o profesorado ao longo do curso. Realizarase ademais proxectos tendo en conta o tema de cada ano. Organización e decoración dos espazos da aula e do centro

➤ CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS:

Actividade: O ENDL facilitará aos titores e mestres información sobre o autor homenaxeado, contribuíndo a elaboración de unidades didácticas para cada nivel para traballar nas aulas e mesmo compartir coas familias nas casas fóra do Centro escolar. Nos distintos cursos se realizarán traballos e carteis que logo se exporán no Centro e se colgarán na páxina web e no blog. Para a elaboración destes últimos, se distribuirá por aulas o traballo correspondente, de maneira que se complementen entre todos e logo se poda formar unha visión xeral sobre a vida e a obra do autor.

➤ CELEBRACIÓN DO FESTIVAL:

Actividade: no mes de xuño celébrase un festival no que participa todo o alumnado do Centro e o profesorado. A participación é moi variada: desde interpretación de cancións con acompañamento de instrumentos musicais, danzas coa súa correspondente vestimenta, obras de teatro en galego, recitados... A presentación do festival corre a cargo do alumnado de 6º curso que ese ano remata os seus estudos

no Centro. A lingua de comunicación será o galego, potenciando así o seu emprego en situacións de expresión oral.

➤ RADIO BURAQUIÑA.

Actividade: o alumnado de 1º de Primaria realiza un programa de radio en galgo. Empregaranse novas do colexio, lectura de contos, faladoiros de opinión.

• COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES CON OUTRAS INSTITUCIÓN

Actividades:

- Colaboración co Plan Comunitario de Teis (ACTIVIDADES PLURIANUAIS): despois de varios anos colaborando con esta institución sobre o medio ambiente (a flora e a fauna na zona da Madroa) este curso seguiremos participando nas actividades programadas igual que os outros anos.
- Colaboración coa concellería de DLG. Aportan actividades.
- Colaboración coa concellería da Muller e da Igualdade. Realizan talleres co alumnado.
- Tamén contamos con familias que colaboran co centro en exposicións de temas puntuais.

➤ REVISTA O PAPAGAIO

Actividade: Contaremos no centro coa publicación mensual “O Papagaio”, escrita e publicada para nenos e nenas íntegramente en galego. Tamén intentaremos que acuda ao centro o seu creador Pepe Carreiro.

11. PLURILINGÜISMO

A existencia dunha Europa sen fronteiras fai necesario o dominio de máis dunha lingua. Por ese motivo é fundamental o comezo do aprendizaxe doutras linguas canto antes, dado que é nos primeiros anos cando este aprendizaxe resulta máis efectivo e fácil. O noso centro leva anos fomentando o plurilingüismo, xa que forma parte da rede de centros con sección bilingüe dende o curso 2011/12, comenzando a súa implantación nos cursos 5.º e 6.º de Educación Primaria ampliandoo despois ao resto de cursos de primaria.

No curso escolar 2015/16 presentamos o proxecto de centro plurilingüe que foi aprobado polo Claustro e o Consello Escolar. A partir do curso 2016/17 comezouse a aplicar en primeiro de primaria.

Na actualidade nos cursos que non estea implantado o plurilingüismo, seguese co programa de Sección Bilingües, que supón a organización do ensino dunha área ou materia non lingüística que se cursa dun xeito bilingüe nunha lingua cooficial e nunha lingua estranxeira utilizada como mínimo durante o 50% do horario lectivo. No noso centro esta materia é Plástica.

No curso escolar 2018/19 presentamos o proxecto de centro plurilingüe para educación infantil (Pluriinfantil) que foi aprobado satisfactoriamente.

Os obxectivos que queremos acadar son os seguintes:

- Desenvolver a capacidade de expresión e comprensión oral do alumnado en inglés de acordo co nivel correspondente.
- Motivar ao alumnado para que aprendan inglés con alegría, tranquilidade e confianza en si mesmos.
- Mellorar a calidade da educación que se imparte no centro a través da ensinanza e aprendizaxe das linguas estranxeiras, como parte das competencias básicas.
- Potenciar o coñecemento e emprego da lingua inglesa para mellorar a capacidade de interacción e integración social e laboral do alumnado, tanto no contexto próximo como no da Comunidade Europea.
- Fomentar entre o alumnado, e mesmo no seo da comunidade educativa, o respecto e tolerancia pola diversidade lingüística e cultural, como cidadáns europeos.
- Fomentar o plurilingüismo como recurso favorecedor do acercamento a outras culturas.

A. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO (CON NEAE)

A atención ó alumnado con n.e.a.e. terá en conta os principios de normalización, inclusión e non discriminación que se establecen no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade en Galicia. Neste Decreto, nos artigos 8 e 9 recóllense as medidas ordinarias e extraordinarias, respectivamente para a atención á diversidade.

As medidas de atención ao alumnado con NEAE están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos desta

etapa educativa e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

A atención educativa á diversidade entendémola como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais do alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e concretámolas en propostas curriculares e organizativas que teñen en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos. Trátase de conseguir que todas as persoas consigan acadar o máximo desenvolvemento persoal e social, polo que é necesario facilitarlles unha educación adaptada ás súas singularidades, que garanta a igualdade efectiva de oportunidades, ofrecéndolles os recursos necesarios.

As medidas a tomar para atender ao alumnado con NEAE son:

- Adaptar as propostas dos libros de texto á diversidade do alumnado.
- Propoñer unha serie de actividades por unidade que faciliten o traballo co alumnado que presenta meirandes dificultades de aprendizaxe..
- Traballar individualmente ou en pequeno grupo co auxiliar de conversa.
- Utilizar o xogo e o role-play como medidas para fomentar a inclusión deste alumando.
- Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.
- Adaptacións curriculares individualizadas.

B. SECCIÓNS BILINGÜES

Actualmente existe no centro unha sección bilingüe na área de Plástica en 5.º e 6.º de educación primaria que se imparte en inglés unha vez á semana.

C. CENTROS PLURILINGÜES

A partir do curso 2016/17 comezouse a aplicar na área de Plástica en 1.º de educación primaria, impartíndose en inglés.

A planificación da extensión a toda a etapa foi a seguinte:

- 2017/18: segundo de Primaria
- 2018/19: terceiro de Primaria

- 2019/20: cuarto de Primaria
- 2020/21: quinto de Primaria
- 2021/22: sexto de Primaria

A partir do curso 2019/20 na aula mixta de educación infantil de 4.º,5.º e 6.º, impártense tres sesións de inglés á semana.

12. AVALIACIÓN

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14º). Previamente, realizaremos unha valoración deste no Claustro e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de profesores para o seu debate. As conclusións expoñeranse no Consello Escolar, quen, como xa indicamos, aprobará o Proxecto Lingüístico.

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo de inspección educativa.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- Resultados da enquisa sobre a lingua predominante en educación infantil.
- Constitución do equipo de Dinamización de Lingua Galega.
- Valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega realizados no curso anterior e propostas de mellora para o curso seguinte.
- Actividades que se van a desenvolver ao longo do curso para o fomento e dinamización da lingua galega.
- Modificacións na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.
- No plurilingüismo apareceran: Coordinadores, oferta (seccións, centro plurilingüe, pluriinfantil), mecanismos de seguimento e avaliación do programa plurilingüe ou seccións bilingües e mecanismos de seguimento e avaliación do auxiliar de conversa.